

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Núm. 36 (2014), páxs. 255-262
ISSN: 1130-2682

**EXPULSIÓN DE SOCIOS E AUTORREGULACIÓN
COOPERATIVA. ANOTACIONES Á SAP DE BARCELONA
(SECCIÓN 15ª) NUM. 21/2014, DO 30 XANEIRO**

*EXPULSION OF PARTNERS AND COOPERATIVE
AUTOREGULATION. ANNOTATIONS TO THE JUDGMENT
OF THE PROVINCIAL COURT OF BARCELONA
(SECTION 15) NUM. 21/2014, OF JANUARY 30.*

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ MÍGUEZ¹

¹ Doctor en Dereito. As opinións expresadas polo autor son personais e polo tanto, da súa exclusiva responsabilidade. Dirección de correo electrónico: jose.antonio.rodriguez.miguez@consellolegoda-competencia.es

I PRESENTACIÓN

A expulsión dun membro de calquera colectivo social é sempre unha materia delicada e complexa desde a perspectiva xurídica, aínda que soe ser tamén unha situación inevitable e, a miúdo necesaria; por elo as regulacións positiva destas institucións ofrecen regras pautadas para resolvelas, sendo recurrible a súa correcta aplicación, xa que están comprometidos dereitos fundamentais.

Non cabe dúbida que únicamente a través de unha axeitada regulación deste tipo de decisións poderán evitarse decisións arbitrarias que atenten contra o principio cooperativo de adhesión voluntaria e de “portas abertas”, e, en xeral, vulneren o principio de seguridade xurídica, como elemento indispensable para o correcto desenvolvemento do tráfico xurídico².

O debate xurídico céntrase no principio de autororganización, —esencial nas sociedades cooperativas³— como peza mestra e marco de referencia e os seus límites no exercicio da potestade disciplinaria respecto dos seus socios, esixíndose o respecto das normas imperativas que garanten os principios constitucionais básicos no exercicio de tal facultade e que, polo tanto, considéranse de orde público orden público e non son derogables polas partes.

Se trata em definitiva, dun supuesto de “baixa obligatoria disciplinaria”⁴, por decisión do Consello Reitor e posteriormente ratificada pola Asemblea xeral, ao

² Neste sentido, tanto para baixa voluntaria como para a expulsión de socios, L. M. CONSUEGRA GARRIDO, e M. FERNÁNDEZ BENAVIDES, “Baja Obligatoria y Expulsión del Socio Cooperativo. Visión doctrinal, jurisprudencial y normativa de los fenómenos de salida del socio de la cooperativa”, Monografía elaborada durante la Licenciatura de Derecho, Universidad de Castilla-La Mancha, 2012. Trabajo disponible en: <http://www.linkedin.com>

³ Como é ben sabido, os 7 Principios do cooperativismo moderno foron aprobados na Asemblea da Alianza Cooperativa Internacional en Mánchester, o 23 de setiembre de 1995 (Alianza Cooperativa Internacional (2005). “Statement on the Co-operative Identity” (en inglés), disponible en: <http://web.archive.org/web/20120717031507/http://www.ica.coop/coop/principles.html>) y son: 1. Adhesión aberta e voluntaria; 2. Control democrático dos socios ou membros; 3. Participación económica dos socios ou membros; 4. Autonomía e independencia; 5. Educación, entramento e información; 6. Cooperación entre cooperativas e 7. Compromiso coa comunidade.

⁴ Vid. J. F. DUQUE DOMÍNGUEZ, “La baja obligatoria del socio”, en *REVESCO* (Revista de Estudios Cooperativos), nº 56-57, 1988-1989, pp. 13 a 48, en concreto para esta cuestión, p. 16. Así mesmo, vid. J. A. RODRÍGUEZ MIGUEZ, “A legalidade da expulsão de sócios cooperadores. A propósito do Acórdão do Tribunal Supremo de 6 de abril de 2009 [Legalidade de expulsión de socios cooperativistas. A propósito de la STS (Sala de lo Civil, Sección 1ª), núm. 232/2009, de 6 abril]”, en D. APARICIO MERA, *Jurisprudência Cooperativa Comentada Obra Colectiva de Comentários Acórdãos da Jurisprudência Portuguesa, Brasileira e Espanhola*, INCM – Imprensa Nacional Casa da Moeda, S. A., Lisboa, Diciembre, 2012, pp. 177 a 189.

que a Lei xeral de cooperativas (antes/ahora)⁵ califica de “expulsión”, termo moito máis expresivo e radical que o de “exclusión” que mantén o noso Dereito de sociedades de capital⁶ (e de maneira máis xeral, das sociedades mercantís), co que aínda que indudablemente garda parentesco, se deixa sentir de maneira evidente o carácter personalista das cooperativas e o xa referido carácter sustantivo do “principio de portas abertas” que as define.

As diferenzas centraríanse, entre outros extremos, porque a exclusión non leva consigo sanción pecuniaria adicional, que si podería darse no caso da expulsión do cooperativista e porque ao socio de unha sociedade de capital se lle reintegra o valor do seu capital a prezo razoable⁷, mentras que ao socio cooperativista expulsado se lle reintegra a súa aportación cooperativa, actualizada, tratando de salvaguardar, non obstante, el interese da propia sociedade cooperativa, razón pola que a Lei 3/1987, como a vixente Lei 27/1999, e as diferentes leis autonómicas, establecen regras especiais.

A controversia, sen embargo, non resulta ser tal e é resuelta de xeito coincidente polo Xulgado do Mercantil, con algúns matices-, que se pronunciara en primeira instancia, e pola Audiencia Provincial ante a que posteriormente se apelou, seguindo unha xurisprudencia xa consolidada acerca destas cuestións.

II OS FEITOS DO DEBATE E O PRONUNCIAMENTO DA SALA

A parte dispositiva da sentenza apelada nos facilita a tarefa de resumir os feitos básicos do litixio:

“Estimo a demanda formulada por Juan Ignacio y Camilo contra COOPERATIVA DEL RADIO TAXI METROPOLITANO DE BARCELONA SCCL e declárase a nulidade dos acordos sexto e sétimo adoptados na asemblea xeral da demandada en sesión ce-

⁵ A sanción de expulsión da cooperativa, coa correlativa perda da condición de socio recóllese tanto na Lei 3/1987, xeral de cooperativas, como na vixente Lei 27/1999, de Cooperativas.

⁶ Respecto ao actual réxime da exclusión de socios nas sociedades de capital, vid. J. L. IGLESIAS/J. GARCÍA DE ENTERRÍA, “Lección 19: La modificación de los Estatutos sociales. Aumento y reducción del capital social. Separación y Exclusión de socios”, en A. MENÉNDEZ/A. ROJO (Dirs.), *Lecciones de Derecho Mercantil*, vol. I, Novena edición, Civitas, Madrid, 2011, pp. 636 a 561, en concreto sobre este punto, pp. 560 y 561.

⁷ A exclusión de socios regúlase na actualidade para as sociedades de capital nos artigos 350 a 352 LSC (Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital), nos que se aprecia un réxime diferente para as sociedades limitadas respecto das anónimas e comanditarias por accións, coa aplicación dunha serie de regras comúns á separación e exclusión, recollidas nos artigos 353 a 359 (Normas comúns á separación e a exclusión de socios), entre as que se atopan as relativas á valoración: Artigo 353 LSC. Valoración de las participaciones o das accións do socio.

lebrada o 5 de novembro de 2011 polos que se ratifican as sanción de expulsión dos actores, todo elo con expresa condena en costas á parte demandada”.

Lendo a sentenza comprobamos que o *petitum* ou pretensión inicial dos actores tiña por obxecto que o Xulgado do Mercantil declarase a nulidade de dous acordos, concretamente o 6º e o 7º adoptados pola Asemblea Xeral da COOPERATIVA DE RADIO TAXI METROPOLITANA DE BARCELONA, SCCL, celebrada o 5 de novembro de 2011, na que se ratificara as sancións de expulsión dos actores, ou que alternativamente, que se deixaran sen efecto por resultar ambos os dous, anulables.

Os motivos invocados a favor da dita pretensión foran os seguintes: 1) Infracción do art. 14 dos estatutos da cooperativa demandada; 2) Infracción do art. 21 da Lei 18/2002, do 5 de xullo, de cooperativas [de Cataluña] (en adelante Lei 18/2002); 3) Improcedencia da sanción por non terse incurrido os actores en conducta algunha incardinable nos arts. 13.C, 3 e 36.6 dos estatutos e 4) improcedencia da sanción de expulsión en base ao establecido no art. 13.C.2 dos estatutos con vulneración do principio “non bis in idem”.

A sentenza de primeira instancia, cuxa apelación pola demandada é o obxecto deste comentario, declarou a nulidade dos citados acordos da Asemblea Xeral da cooperativa.

O razoamento do Xulgado partiu da interpretación do disposto no art. 38. 1 e 2 da Ley 18/2002, segundo o cal “1. Os acordos da asemblea xeral que sexan contrarios á lei, se opoñan aos estatutos ou lesionen os intereses da cooperativa en beneficio dun socio ou socia ou máis, ou de terceiras persoas poden ser impugnados segundo as normas e dentro dos prazos que establece o presente artigo (...) 2. Os acordos da asemblea xeral contrarios á lei son nulos. Os acordos aos que se refire o apartado 1 son anulables..(...)”. *Nihil novi sub sole*, pois é a regra xeral que recolle o noso ordenamento xurídico respecto dos acordos das sociedades mercantís.

A súa vez, o art. 21.1 da mesma Lei 18/2002, baixo a rúbrica “Disciplina social” establece que:

“1. Os estatutos de cada” cooperativa, ou tamén, polo que se refire exclusivamente á tipificación das faltas leves, o regulamento de réxime interno debe establecer os procedementos sancionadores, especialmente a tipificación de faltas, sancións, prazos, recursos procedentes e posibles medidas provisionais, respetando en calquera caso os seguintes criterios: a) A facultade sancionadora é competencia indelegable do consello reitor. b) É preceptiva a audiencia previa

da persoa interesada ou de quen a represente. O prazo de audiencia non pode ser inferior a dez días nin superior a quince. c) Contra as sancións pode presentarse recurso ao comité de recursos ou, no seu defecto, á asemblea xeral, no prazo dun mes a contar desde a notificación da sanción. (...) d) O acordo de sanción oi, no seu caso, a súa ratificación por parte do comité de recursos ou por parte da asemblea xeral poden ser impugnados no prazo dun mes, a contar desde a súa notificación, polo trámite procesal de impugnación de acordos sociais da asemblea xeral (...)

Pola súa transcendencia na vida das cooperativas, o mesmo precepto engade regras específicas para a expulsión de socios, establecendo que “[n]o caso de expulsión do socio ou socia, debe aplicarse o procedemento establecido no apartado 1 do propio precepto, esixindo: a) que só procede por unha falta moi grave e mediante un expediente instruído a dito efecto polo consello reitor; previsión que se recolle nos estatutos da demandada.

Sentadas a base xurídica da controversia, a sentenza procede ao seu análise no FX terceiro, trasladando as previsións legais e estatutarias aos feitos probados na sentenza apelada.

Así, lembrando que o procedemento debe estar presidido polo principio de inmediatéz na incoación do expediente, sendo tamén preceptivo tanto dar audiencia ao interesado para garantir a contradicción do expediente que, en todo caso, debe instruírse ao efecto.

Trasladando estas premisas ao caso examinado, a Sala constata que no caso de autos, non podía considerarse que existira proba obxectiva da incoación ni da tramitación de de expediente algún. Non obstante, a sentenza de primeira instancia considerara que existira incoación cuxa data viña a coincidir, sorprendentemente, coa data na que se impuxera a sanción, pero o que non se apreciaba era a existencia do trámite de audiencia, xa que logo non había constancia algunha de terse comunicado aos actores o motivo da súa comparecencia nin da propia incoación do expediente; circunstancia alegadas polos actores nos escritos de impugnación presentados ante a entidade demandada cando se lles notificou a resolución.

Valorados estos extremos etomando como base argumental a STS do 25 de novembro de 2010⁸ segundoi a cal “o respecto á capacidade autoorganizativa das cooperativas atribúe a estas o dereito a autorregular o procedemento de exclusión

⁸ Sentencia num. 796/2010 (Sala de lo Civil, Sección 1ª). Un comentario, parciamente crítico de esta sentenza, puede verse en J. ALFARO ÁGUILA REAL, “Expulsión de socios: la buena y la no tan buena doctrina”, Blog Derecho Mercantil, do xoves, 23 de decembro de 2010. Esta páxina puede consultarse en: <http://derechomercantilespana.blogspot.com.es/2010/12/expulsion-de-socios-la-buena-y-la-no.html>

de socios, limitándose o control xudicial ao exame da razoabilidade... das decisións adoptadas polos órganos internos cos que os propios socios cooperativistas se tiñan dotado para a resolución dos conflitos internos, pero sen suplantalos”.

Esta Xurisprudencia, que procedía do TC (STC 218/1988), concluía afirmando que “o control xudicial despliégase con toda a súa intensidade en aqueles extremos nos que a norma impón de forma imperativa certos límites á vontade dos particulares, en cuxo caso debe examinarse si as decisións dos órganos internos se axustan á previsión legal, sin sumisión ao principio de intervención mínima que cede fronte á norma cogente, máxime cando se trata da expulsión o exclusión de socios, materia na que as normas específicas, como afirma a sentenza 1349/2007, do 21 de decembro, con cita da 1199/2007, do 19 de novembro, deben aplicarse con todo rigor.”

Noutros termos, a capacidade de autonormación das cooperativa debe ceder ante as normas imperativas, pensadas para aquelas cuestións de natureza indisponíble, como em boa lóxica deben ser as que rexen decisión tan importantes para a vida das cooperativas como a da expulsión de socios, que non poden quedar ao albor dunha norma estatutaria senón someterse á legalidade en garantía de dereitos fundamentais como os que atopanse implicados en decisión tan graves como a de por fin a relación cooperativas respecto dos socios sancionados coa expulsión.

Para a Sala a cuestión non ten dúbidas pois “[c]alqueira que sexa a interpretación que se propugne do art. 14 dos estatutos da demandada, o certo é que tal norma autoorganizativa require a inexorable tramitación dun expediente (disciplinario) que debe contar cos requisitos mínimos fixados no art. 21 da referida Lei catalana de cooperativas. E a propia existencia dese expediente, tanto o seu inicio, tramitación e conclusión, deben resultar de todo claros da proba dado o expresado rigor normativo.”, xa que logo, engade a Sala “Ese rigor non deixa de ser senón unha ineludible garantía para o socio sometido a expediente no que se acorda a súa expulsión.”

No caso de autos, para a Sala só existe documentado “unha chamada por radio-taxi para que acudan ‘ao centro’ e unha cita ante o consello reitor aos actores e nada máis, excepto a resolución do consello reitor sancionándoos.”, o que considera insuficiente, “non só fronte ao tenor do precepto estatutario, senón fronte ás garantías esixidas na Lei cundo ésta require a existencia dun expediente disciplinario que, desde logo, non pode considerarse a mera copia da resolución do consello reitor impondo sanción de expulsión a uns socios nin dúas comunicacións elípticas aos demandantes citándoos para que acudan ‘ao centro’.”

A maior abudamento, a Sala entende que afbnda admitindo como fixera a sentenza apelada (“aínda que o fai de maneira equívoca” comenta a Sala), que si existía un expediente disciplinario, ao seu xuízo faltaría a debida proba de que os actores foran notificados da incoación do expediente disciplinario, do seu porqué

e sobre qué feitos tiñan que acudir ao trámite da audiencia e do propio contido dese ineludible trámite.”

Finalmente, a valoración da proba practicada na sentenza de primeira instancia non resulta para a Sala, nin ilóxica nin irrazoable, entendendo que se corresponde coa propia proba documental aportada pola parte demandada polo que resolve desestimar o recurso, confirmando a decisión adoptada na sentenza apelada na súa totalidade.

III COMENTARIO XERAL

Non cabe dúbida que o principio de autoorganización, común a todas as formas de asociación, é un principio central que deixa aos asociados unha ampla marxe para organizar (autoorganizar) os seus asuntos.

Non obstante, este principio tem necesariamente os seus límites e estes se atopan precisamente, cando entra en conflito com outros principios de alcance máis xeral e rango constitucional, como son os de seguridade xurídica aos que o control xudicial non pode verse sustraído.

Sexa ou non sancionadora a natureza destes expedientes disciplinarios⁹, o certo é que a proscripción da arbitrariedade e o respecto á legalidade esixen tanto a existencia dun procedemento que garanta a obriga de probar as imputacións como que proscriba a indefensión daqueles sobre os que pende, nin máis nin menos, que a expulsión da sociedade cooperativa a que veñen pertencendo.

⁹ Nos remitimos, nuevamente, a en ALFARO ÁGUILA REAL, “Expulsión de socios...”, op. cit. p. 1.